

O uso das TIC e a Discapacidade



Índice

	Páxina
I Contextualización	3
II A discapacidade en cifras	7
III Uso das TIC polas persoas con discapacidade	15
IV As TIC como vía de integración	24
V Conclusións	37

I. Contextualización. Que é a discapacidade?

No ano 2001, a **OMS**, co obxectivo de ofrecer unha unificación do concepto de discapacidade, estableceu a Clasificación Internacional do Funcionamento da Saúde (CIFS), na que formula a seguinte definición:




“Discapacidade é un termo xeral que abarca as deficiencias, as limitacións da actividade e as restricións da participación. As deficiencias son problemas que afectan a unha estrutura ou función corporal; as limitacións da actividade son dificultades para executar accións ou tarefas, e as restricións da participación son problemas para participar en situacións vitais.

Por conseguinte, a discapacidade é un fenómeno complexo que reflicte na interacción entre as características do organismo humano e as características da sociedade na que vive.”

I. Contextualización. Clasificación das discapacidades I

Na 54ª Asemblea da OMS do 22 de maio de 2001, aprobouse a nova versión da clasificación de discapacidades, co nome definitivo de 'Clasificación Internacional do Funcionamento, a Discapacidade e a Saúde', coas siglas CIF.



I. Contextualización. Clasificación das discapacidades II

En 2006, na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, en consoancia co acordado pola OMS distinguíronse de maneira xeral catro tipos de discapacidade:



Discapacidade física

- A discapacidade física apunta á diminución ou ausencia das funcións motoras, que afectan ao movemento ou a postura, restrinxindo o seu desenvolvemento diario

Discapacidade sensorial

- Esta tipoloxía de discapacidade maniféstase nalgún dos sentidos. Pódense atopar nas persoas cegas, xordas, mudas...

Discapacidade intelectual

- Persoas con algunha deficiencia intelectual de orde cognitivo (Síndrome de Down, Síndrome de Asperger, autismo, entre outros)

Discapacidade mental ou psicosocial

- Neste grupo atópanse as persoas con trastornos mentais ou desordes de conducta e/ou interrelación social (esquizofrenia, depresión profunda, psicose...)

I. Contextualización. Graos de discapacidade

A partir destas clasificacións, pódese determinar o grao de discapacidade dunha persoa.

A proposta da CIF é usar unha mesma escala xenérica de gravidade en cinco niveis para todos os compoñentes, expresando o grao de discapacidade en porcentaxe.

Estas cinco categorías ou graos das limitacións da autonomía, ordénase de menor a maior porcentaxe. Cada categoría recoñece un grao de dificultade para realizar as actividades da vida diaria, de maneira que o primeiro grupo inclúe as deficiencias permanentes que non producen discapacidade e o último grupo, as deficiencias permanentes severas que supoñen, mesmo, a dependencia doutras persoas:



GRAO 1. Limitacións da autonomía nulas

- Aínda que a persoa presenta unha discapacidade, esta non impide realizar as actividades da vida diaria. A cualificación desta clase é do 0-4%.

GRAO 2. Limitacións da autonomía leves

- Existe dificultade para realizar algunhas actividades da vida diaria, pero a porcentaxe de discapacidade sitúase entre o 5% e o 24%.

GRAO 3. Limitacións da autonomía moderadas

- Hai unha gran dificultade ou imposibilidade para levar a cabo algunhas actividades, aínda que a persoa pódese coidar a si mesma. O grao de discapacidade está comprendido entre un 25% e un 49%.


GRAO 4. Limitacións da autonomía graves

- Existe dificultade para algunhas actividades de autocoidado e unha porcentaxe de discapacidade que oscila entre un 50% e un 95%.

GRAO 5. Limitacións da autonomía moi graves

- É o grao máis severo. As persoas afectadas non poden realizar por si mesmas as actividades da vida diaria. A porcentaxe de discapacidade sitúase entre 96% e 100%.

II. A discapacidade en cifras



II. A discapacidade en cifras

Segundo a OMS, máis de 1.000 millóns de persoas (o 15% da poboación mundial) viven con algún tipo de discapacidade, correspondendo a maior parte a países en desenvolvemento. Así, entre 110 e 190 millóns de persoas teñen discapacidades significativas.


O número total de persoas residentes en fogares españois que declaran ter algunha discapacidade ascende a 3.847.900, o que supón un 8,97% da poboación, segundo os resultados provisionais da Enquisa de Discapacidade, Autonomía persoal e situacións de Dependencia (EDAD) do ano 2008.

Nun total de 3,3 millóns de fogares españois reside polo menos unha persoa con algunha discapacidade, o que supón un 20% dos fogares españois.

Por sexo, máis de 2,3 millóns de mulleres afirman ter unha discapacidade, fronte a 1,55 millóns de homes.

Entre as CCAA, a maior taxa de discapacidade dáse en Galicia (11,29 por cen habitantes), seguida de Extremadura (10,99). A Rioxa presenta a taxa máis baixa xunto con Cantabria (6,16 e 7,00 por cen habitantes respectivamente).

Mapa 1. Taxa de discapacitados por cada 100 habitantes.2008




Fonte: EDAD 2008.INE

A discapacidade en cifras

O Instituto Galego de Estatística aporta unha serie de información máis actualizada a través do “Censo de persoas con discapacidade”, onde se observa que no ano 2015 existían en Galicia 206.417 persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, o 7,6% da poboación galega.

Gráfico 1. Evolución da poboación con discapacidade en Galicia




Fonte: IGE


O maior número de persoas con discapacidade rexístrase nas provincias con maior poboación de Galicia, A Coruña e Pontevedra, contando cada unha delas co 43,5% e o 40,7% respectivamente do total de Galicia. Segundo a poboación total, os datos cambian, situando a provincia de Pontevedra como a que conta cunha maior porcentaxe de persoas con discapacidade:

Mapa 2. Poboación con discapacidade segundo provincia. 2015.

% de persoas con discapacidade sobre o total de discapacidade



% de persoas con discapacidade respecto ao total da poboación




Fonte: IGE

A discapacidade en cifras

A discapacidade en Galicia afecta lixeiramente máis ás mulleres ca os homes, de xeito que o 53,5% das persoas con discapacidade son mulleres fronte ao 46,5% dos homes.

Gráfico 2. Distribución das discapacidades segundo sexo. 2015.




Fonte: IGE

Nota aclaratoria: A cuantificación está efectuada por tipos de discapacidade (non por persoas).

O peso da poboación con discapacidade sobre o total da poboación galega non se distribúe por igual entre os diferentes tramos de idade. O 19,2% da poboación de 75 ou máis anos ten unha discapacidade recoñecida, mermando significativamente conforme a idade decrece.

Gráfico 3. Poboación con discapacidade por idade

% de poboación con discapacidade respecto da poboación de cada grupo de idade, 2015




Fonte: IGE

A discapacidade en cifras

A maior afección das mulleres incrementábase nas diferentes cohortes de idade, acadando ao 65,3% das mulleres entre a poboación con discapacidade de 75 ou máis anos.

Pola contra, a idades máis temperás, preséntase unha tendencia a maior masculinización.

Gráfico 4. Distribución das persoas con discapacidade segundo sexo e idade
Porcentaxes



Fonte: IGE

Nota aclaratoria: A cuantificación está efectuada por tipos de discapacidade (non por persoas).




A discapacidade en cifras

A prevalencia da discapacidade física é a maior, de forma que o 56,2% da poboación con discapacidade ten algún tipo de discapacidade física; o 29,5% sofren unha discapacidade psíquica e no 14,3% das persoas é de tipo sensorial.

Gráfico 5. Distribución das discapacidade segundo tipoloxía

Cifras absolutas



Fonte: IGE


Nota aclaratoria: A cuantificación está efectuada por tipos de discapacidade (non por persoas).

A discapacidade física medra coa idade, a excepción do rango de 0 a 6 anos, en detrimento da proporción de discapacidade psíquica.

A discapacidade sensorial mantén unha liña máis homoxénea ao longo das diferentes cohortes de idade.

Gráfico 6. Distribución das discapacidade segundo idade e tipoloxía

Porcentaxes




Fonte: IGE

A discapacidade en cifras

A análise da discapacidade en función do xénero indica que calquera tipo de discapacidade incide en maior medida entre as mulleres. A psíquica é a que amosa maior incidencia mentres que a sensorial distribúese case por igual entre homes e mulleres.

Gráfico 7. Distribución das discapacidades segundo tipo e sexo

Porcentaxes




Fonte: IGE

En case que a metade dos casos a discapacidade sitúase en niveis entre o 33 e o 64% de afección; nun 30% atópase entre o 65% e o 74% e nun 23% é dun 75% ou superior.

Gráfico 8. Distribución das discapacidades segundo grao

Porcentaxes




Fonte: IGE

Nota aclaratoria: A cuantificación está efectuada por tipos de discapacidade (non por persoas).

A discapacidade en cifras

As persoas con discapacidade psíquica son os que presentan un maior grao de afección, de modo que o 38,4% sofren unha discapacidade entre o 65 e o 74% e o 27% presenta un grao de discapacidade superior ao 75%

Gráfico 9. Distribución discapacidade segundo tipo e grao




Fonte: IGE

Nota aclaratoria: A cuantificación está efectuada por tipos de discapacidade (non por persoas).

Aínda que as dificultades de tipo físico son as máis numerosas en todos os casos, son especialmente prevalentes entre a poboación con discapacidade cunha afectación entre o 33 e o 64%

Gráfico 10. Distribución discapacidade segundo tipo e grao.

Cifras absolutas



Fonte: IGE


III. Uso das TIC polas persoas con discapacidade



Uso das TIC polas persoas con discapacidade

As persoas con discapacidade teñen maiores dificultades para o uso das tecnoloxías da información, precisando frecuentemente de dispositivos adaptados ás súas necesidades ou desenvolvementos de software que permitan o seu uso.


Estes e outros factores inciden en que as persoas con algunha discapacidade empreguen, en xeral, en menor medida que o conxunto da poboación as tecnoloxías da información.



Nos fogares onde vive algunha persoa con discapacidade hai menor presenza de ordenadores, no 9,8% dos casos por non poder acceder a esta ferramenta polo alto custe.

Un 52,5% dos fogares onde vive algunha persoa con discapacidade contan con ordenador, fronte ao 70,9% da media global


Gráfico 11. Disponibilidade de ordenador no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE

Uso das TIC polas persoas con discapacidade

Gráfico 12. Uso do ordenador nos últimos tres meses




Fonte: OSIMGA + IGE

Consecuentemente, o grao de uso do ordenador é tamén inferior ao do conxunto da poboación: mentres que o 66,9% do total da poboación utilizou o ordenador nos últimos tres meses, a porcentaxe redúcese ao 39% entre as persoas con algunha discapacidade.

Non obstante, mentres que no conxunto da poboación, o uso do ordenador está amplamente estendido entre os máis novos e redúcese a medida que aumenta a idade, no caso das persoas con discapacidade, o uso do ordenador presenta escasas oscilacións no tramo de idade de 16 a 54 anos, manténdose entre o 45% e o 55%.


Gráfico 13. Uso do ordenador nos últimos tres meses segundo idade



Fonte: OSIMGA + IGE

Uso das TIC polas persoas con discapacidade


Gráfico 14. Uso do ordenador nos últimos tres meses segundo o tamaño do concello de residencia



Fonte: OSIMGA + IGE

As notables diferenzas que se observan na poboación xeral respecto ao uso do ordenador nos últimos tres meses en función do hábitat de residencia, non se reproducen no caso das persoas con discapacidade.

Mapa 3. Uso do ordenador nos últimos tres meses segundo provincia.




Fonte: OSIMGA + IGE

Uso das TIC polas persoas con discapacidade

A dispoñibilidade de conexión a Internet nos fogares onde residen persoas con discapacidade sitúase no 54,1%, 17,4 puntos menos que na poboación en xeral.


Se ben, o principal motivo para non ter conexión a Internet, en todo tipo de fogares segue a ser a percepción de que non a necesitan, cabe destacar un significativo descoñecemento do seu uso entre as persoas con discapacidade. Así, un 35,1% dos fogares onde residen persoas con discapacidade non teñen coñecementos sobre as TIC e un 38,5% declaran que os seus coñecementos son escasos.

Gráfico 15. Dispoñibilidade de Internet no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE


Gráfico 16. Razón para non ter Internet contratado



Base: fogares onde non dispoñen de Internet contratado

Uso das TIC polas persoas con discapacidade

Gráfico 17. Uso de Internet




Fonte: OSIMGA + IGE

Un 40,5% das persoas con discapacidade utilizaron Internet nos últimos tres meses, 30,2 puntos menos que a media xeral galega (70,7%). Ademais, cabe salienta como nota negativa que máis da metade da poboación con discapacidade nunca utilizou Internet.

As diferenzas observadas na poboación total respecto do uso de Internet en base ao xénero reproducense no caso da poboación que presenta algunha discapacidade.

Gráfico 18. Uso de Internet nos últimos tres meses segundo xénero




Fonte: OSIMGA + IGE




Uso das TIC polas persoas con discapacidade

Gráfico 19. Uso de Internet nos últimos tres meses segundo idade



Fonte: OSIMGA + IGE

Mapa 4. Uso de Internet nos últimos tres meses segundo a provincia




Fonte: OSIMGA + IGE

En base aos datos estratificados por idade, obsérvase que as persoas con discapacidade acceden de forma máis tardía ao uso de Internet, acadando a porcentaxe máis elevada entre os 25 e 34 anos, mentres que na poboación xeral, a porcentaxe máis alta rexístrase no tramo de idade de 16 a 24 anos. A diferenzia da poboación xeral que xa supera o 90% no uso de Internet nos tramos de idade de 16 a 44 anos, no caso das persoas con discapacidade, obsérvase unha barreira que impide que se estenda á xeralidade deste colectivo, non superando en ningún caso, o 65%.

Uso das TIC polas persoas con discapacidade

Gráfico 20. Uso de Internet nos últimos tres meses segundo o tamaño do concello de residencia



Fonte: OSIMGA + IGE


As diferenzas observadas na poboación total respecto do uso de Internet en base ao tamaño do concello, non se reproduce no caso da poboación con algunha discapacidade, de xeito que non se pode concluír que o hábitat ou o tamaño do concello sexa un condicionante no uso de Internet entre as persoas con discapacidade.



Uso das TIC polas persoas con discapacidade


Un 20,6% das persoas con discapacidade que utilizaron Internet nalguna ocasión realizaron compras a través da Rede fronte ao 36% da media xeral galega

Gráfico 21. Compras electrónicas
% sobre as persoas que utilizaron Internet nalguna ocasión



Fonte: OSIMGA + IGE

Gráfico 22. Compras electrónicas nos últimos tres meses segundo xénero



Fonte: OSIMGA + IGE

Practicamente non existen diferenzas de xénero entre as compras a través da Rede nos últimos tres meses, sendo nos homes tan só un punto porcentual superior.

IV As TIC como vía de integración



As TIC como vía de integración

A información que se presenta a continuación procede da realización dunha consulta a 113 asociacións galegas de persoas con discapacidade, que actúan como portavoces dos hábitos dos seus asociados/as.

A unha mostra das principais asociacións se lles convidou a participar na investigación aportando a súa perspectiva a través dun cuestionario implementado nunha web *ad hoc*.



FICHA TÉCNICA

ÁMBITO: Galicia

UNIVERSO: “Rexistro de asociacións” da Xunta de Galicia

MOSTRA: 113 entidades seleccionadas aleatoriamente no Rexistro.

TRABALLO DE CAMPO: De setembro a decembro de 2016.

Ao longo deste capítulo, apórtanse citas literais recollidas dos representantes das asociacións de discapacidade respecto do papel das tecnoloxías nos diferentes ámbitos sociais dos asociados/as.

As TIC como vía de integración

“As tecnoloxías da información facilitarán a promoción da autonomía e o coñecemento”

DESCRIPCIÓN DA MOSTRA

Gráfico 24. Tipo de discapacidade á que se dirixe




Gráfico 26. Porcentaxe medio de ocupados segundo tipo de discapacidade




Gráfico 25. Porcentaxe medio segundo xénero






Gráfico 27. Idade media dos asociados



As TIC como vía de integración

“As TIC axudan a normalizar a vida das persoas con discapacidade”

Importancia do papel que xogan as tecnoloxías da información e a comunicación entre as persoas con discapacidade en canto á...




Todas as asociacións destacan a significativa importancia das TIC no desenvolvemento da vida persoal e profesional das persoas con discapacidade, polo tanto, perciben as tecnoloxías como unha axuda e non como unha barreira.

As asociacións especializadas en discapacidades sensoriais son as que semellan contar cunha mellor aceptación das TIC, valorando moi positivamente o papel das tecnoloxías en todos os ámbitos expostos. É destacable tamén que a mellora que proporcionan as TIC á autonomía persoal das persoas discapacitadas é un factor valorado de maneira moi positiva entre as distintas asociacións.

As TIC como vía de integración

“As tecnoloxías da información e comunicación benefician a nivel integración social, información e conexión en rede de persoas con patoloxías similares”

Que actitude diría Vde. que presentan os seus asociados cara ao uso TIC?




Fonte: OSIMGA

En todos os casos, máis do 85% das asociacións indica que os seus asociados/as teñen unha actitude moi ou bastante positiva fronte ao uso das TIC.

As TIC como vía de integración

“As TIC permiten o acceso á información e os coñecementos máis facilmente, creando tamén unha a rede socio-laboral máis ampla.”

Ao respecto do uso das TIC que fan os seus asociados, indique, por favor, se considera verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións...




Fonte:OSIMGA

Segundo as distintas asociacións contactadas, as TIC están moito máis presentes na vida diaria das persoas que sofren algún tipo de discapacidade, que no seu ámbito laboral.

As TIC como vía de integración

“Sabemos que a tecnoloxía avanza moi rápido pero de cara ao futuro se non evoluciona integrando os distintos colectivos, pode ser unha barreira.”

Indique, por favor, se está de acordo ou en desacordo coas seguintes afirmacións relativas ao papel das TIC na integración laboral do colectivo.




Fonte: OSIMGA

Segundo os datos obtidos, as asociacións están de acordo co feito de que as TIC axudan no ámbito laboral ás persoas con algún tipo de discapacidade e, en particular, o teletraballo pode axudar á integración laboral das persoas do colectivo. Pola contra, consideran que as empresas galegas non están preparadas para integrar persoas con algún tipo de discapacidade, con independencia das melloras que as TIC proporcionan ao seu ámbito.

As TIC como vía de integración

“Móviles con GPS que facilitan a orientación espacial. Axudan coa memoria recente de tarefas como toma de medicamentos etc. Son eficaces e imprescindibles”

Cambiando de tema, que tipo de tecnoloxías considera que tivo un maior impacto entre o colectivo que representa?




O teléfono móbil é considerado polas asociacións, como o produto tecnolóxico con máis impacto dentro do colectivo que representan, seguido do uso de Internet.

As TIC como vía de integración

“Obsérvase unha evolución lenta pero positiva no ámbito tecnolóxico. Novas aplicacións, sinxelas, claras, e actualizadas beneficiarían moito.”

Que tipo de aplicacións considera que utilizan en maior medida os seus asociados.




Fonte: OSIMGA

Os colectivos de persoas con discapacidade sensorial e física, son os que máis uso lle dan as distintas aplicacións informáticas, sendo as redes sociais e a procura de información as principais motivacións para utilizar a Rede.

As TIC como vía de integración

“Todas as persoas con problemas para comunicarse levaran sempre consigo un sistema de comunicación cun deseño universal, fácil e intuitivo de utilizar para facilitar a comunicación de todos.”

En concreto, respecto das Redes Sociais, indique por favor se está de acordo ou en desacordo coas seguintes afirmacións:




Fonte:OSIMGA

As asociacións que representan ás persoas que sofren algún tipo de discapacidade sensorial ou física, son as que indican unha maior predisposición dos seus asociados a utilizar as redes sociais. Máis do 85% das asociacións das persoas con discapacidade consideran que as redes sociais constitúen un espazo para a integración das persoas con discapacidade. Non obstante, o 65,3% das asociacións representantes das persoas con discapacidade intelectual considera as redes sociais fronte ao 90,2% no caso das asociacións de persoas con discapacidade física.

As TIC como vía de integración

“Dentro dos grandes beneficios das novas tecnoloxías, atópanse a mellora no ámbito familiar e laboral, evitar o desprazamento de persoas que non o teñen fácil, poder traballar na casa...”

Realizan ou promoven dende a asociación o uso das TIC entre os seus asociados?:




O 83,2% das asociacións promoven moito ou bastante o uso das TIC entre os seus asociados, sendo mínima a porcentaxe de asociacións que non realiza ningún tipo de actividade para os seus socios.

As TIC como vía de integración

“As TIC melloran a calidade de vida, accedendo á información e a coñecementos máis amplos.”

En que forma promoven o uso das Tecnoloxías da Información?:




Fonte:OSIMGA

A formación TIC é o principal método de promoción do uso das TIC nas asociacións, superando en todas as tipoloxías das asociacións analizadas o 60%, seguido do uso de programas específicos e adaptados para os seus usuarios.

As TIC como vía de integración

“Son necesarias máis axudas técnicas que faciliten a autonomía, e a comunicación.”

Que tipo de barreiras diría Vde. que afectan máis ao uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación entre os seus asociados?:



Fonte:OSIMGA

A carencia de axudas económicas, así como de axudas técnicas, son as principais barreiras coas que se atopan os centros á hora de potenciar o uso das TIC entre os seus asociados/as. Tamén son destacables os obstáculos relativos á falta de formación, falta de sensibilidade do entorno social e problemas de accesibilidade.

V Conclusións

“As novas tecnoloxías, permitirán ás persoas con discapacidade, mostrar máis as súas capacidades, e o mesmo tempo sentirse como cidadáns de pleno dereito”

- Un 52,5% dos fogares onde vive algunha persoa con discapacidade contan con ordenador, fronte ao 70,9% da media global galega
- A contratación de conexión a Internet nos fogares onde residen persoas con discapacidade sitúase no 54,1%, 17,4 puntos menos que na poboación en xeral.
- O principal motivo para non ter conexión a Internet segue a ser a percepción de que non a necesitan, cabe destacar un significativo descoñecemento do seu uso entre as persoas con discapacidade.
- As asociacións das persoas con discapacidade consideran que as empresas galegas non están preparadas para integrar persoas con algún tipo de discapacidade.
- O teléfono móbil é considerado polas asociacións, como o produto tecnolóxico con máis impacto neste colectivo, seguido do uso de Internet.
- Máis do 85% das asociacións das persoas con discapacidade consideran que as redes sociais constitúen un espazo para a integración das persoas discapacitadas.
- O 83,2% das asociacións promoven moito ou bastante o uso das TIC entre os seus asociados